

RESOLUCIÓN do 23 de outubro de 2023, pola que se modifica a Resolución do 22 de marzo de 2022, pola que se acorda ampliar ata o 30 de xuño de 2025 o prazo para presentar as solicitudes de cualificación provisional e de cualificación definitiva para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito das áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan de vivenda 2018-2021 (códigos de procedemento VI408F, VI408G, VI408L e VI408M), e pola que se regula o procedemento para participar no programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, se establecen as bases reguladoras das subvencións correspondentes ás citadas áreas de rehabilitación integral e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (Códigos de procedemento VI408O, VI408P e VI408Q).

A área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago foi declarada o 17 de decembro de 2010, no seno da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, e ampliada o 12 de abril de 2019, mediante Acordo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan de vivenda 2018-2021, co obxecto de incluír no seu ámbito de aplicación dous novos camiños: o Camiño de Inverno e o Camiño Portugués pola Costa. Coa inclusión destes dous novos camiños, o ámbito de actuación desta área afecta a 662 parroquias de 126 concellos dentro das catro provincias galegas.

Pola súa parte, a área de rehabilitación integral do Parque Nacional das Illas Atlánticas e a área de rehabilitación integral da Ribeira Sacra foron declaradas mediante Resolucións da presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo do 23 de xaneiro de 2019 e do 21 de febreiro de 2020, respectivamente.

De conformidade co previsto no artigo 53 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, as tres áreas de rehabilitación integral citadas xestiónanse directamente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, polo que corresponde ao dito organismo regular especificamente a participación das persoas e entidades interesadas no ámbito destas áreas e, así mesmo, ditar unhas bases reguladoras para a concesión das correspondentes axudas.





O 2 de xullo de 2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 20 de xuño de 2019, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021 e se establecen as bases reguladoras das subvencións correspondentes ás áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e do Parque Nacional das Illas Atlánticas (códigos de procedemento VI408F e VI408G).

Pola súa parte, o 2 de xullo de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 22 de xuño de 2020, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021 e se establecen as bases reguladoras das subvencións correspondentes á área de rehabilitación integral da Ribeira Sacra (códigos de procedemento VI408L, VI408M e VI408N).

No *Diario Oficial de Galicia* do 29 de marzo de 2022 publicouse a Resolución do 22 de marzo de 2022, pola que se acorda ampliar ata o 30 de xuño de 2025 o prazo para presentar as solicitudes de cualificación provisional e de cualificación definitiva para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito das áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan de vivenda 2018-2021 (códigos de procedemento VI408F, VI408G, VI408L e VI408M).

Tendo en conta que non hai máis financiamento estatal para o citado programa do Plan 2018-2021, cómpre pechar o prazo de cualificacións provisionais e definitivas e abrilo de novo ao abeiro das novas bases reguladoras que se establecen por esta resolución.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

I. Obxecto da resolución

Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto:

a) Modificar a Resolución do 22 de marzo de 2022, pola que se acorda ampliar ata o 30 de xuño de 2025 o prazo para presentar as solicitudes de cualificación provisional e de



cualificación definitiva para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito das áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan de vivenda 2018-2021 (códigos de procedemento VI408F, VI408G, VI408L e VI408M).

b) Regular o procedemento para participar no Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e de renovación na área de rehabilitación integral (en diante, ARI) dos Camiños de Santiago, na ARI do Parque Nacional das Illas Atlánticas e na ARI da Ribeira Sacra, mediante a presentación de solicitudes de cualificación provisional (código de procedemento VI408O) e de cualificación definitiva (código de procedemento VI408P) e aprobar as bases reguladoras que rexerán a concesión das subvencións (código de procedemento VI408Q) nestas ARI.

c) Convocar estas axudas para a anualidade 2023.

d) Establecer o réxime transitorio respecto das solicitudes de cualificación provisionais e definitivas no marco do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021 nas mencionadas ARI, así como das súas solicitudes de axudas.

II. Modificación da Resolución do 22 de marzo de 2022

Segundo. Peche do prazo de presentación de solicitudes de cualificación no ámbito das áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra presentadas no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan de vivenda 2018-2021

Modifícase a Resolución do 22 de marzo de 2022, co obxecto de pechar na data de publicación da presente resolución o prazo de presentación de solicitudes de cualificación provisional e de cualificación definitiva para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito das ARI dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan de vivenda 2018-2021 (Códigos de procedemento VI408F, VI408G, VI408L e VI408M).

III. Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e de renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra





Terceiro. *Disposicións xerais*

Un. Definicións

Para os efectos da aplicación deste programa, os termos incluídos neste ordinal interpretaranse co significado e alcance seguintes:

a) Unidade de convivencia: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.

b) Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

c) Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM): indicador definido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considérase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

Para os efectos desta axuda, tomarase en consideración o IPREM do ano que se especifique na correspondente convocatoria.

d) Edificio de tipoloxía residencial colectiva: edificio composto por máis dunha vivenda, cuxo uso predominante sexa o residencial e onde cada vivenda conta coa correspondente referencia catastral.

e) Vivenda unifamiliar: vivenda situada nun edificio independente, cuxo uso predominante sexa o residencial e no cal non existe ningunha outra vivenda, e que conte coa correspondente referencia catastral. As vivenda unifamiliares poden ser illas ou agrupadas en fila.

f) Residencia habitual e permanente dunha unidade de convivencia: domicilio no cal constan empadroadas as persoas integrantes da correspondente unidade.

g) Cualificación provisional: resolución administrativa que contén a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación a executar, o seu prazo de execución, o orzamento máximo subvencionable e, no seu caso, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, así como a relación das persoas propietarias partícipes nas obras.

h) Cualificación definitiva: resolución administrativa que constata a realización das



actuacións e na que se expresa o tipo de actuación realizada, o importe do orzamento subvencionable, así como o gasto efectivamente xustificado.

Dous. Forma de presentación de solicitudes

1. As solicitudes de cualificación provisional (VI408O) e definitiva (VI408P), así como, no seu caso, das correspondentes axudas (VI408Q) presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
2. A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades sen personalidade xurídica e para as súas persoas representantes.
3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.
4. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
5. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Tres. Documentación complementaria

1. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.
2. A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.
3. Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Cuatro Trámites posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas e entidades interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Cinco. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas e entidades interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario de inicio. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas e entidades interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas e entidades interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.



4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Seis. Recursos contra a presente resolución

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG), segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sete. Remisión normativa

En todo o non recollido nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Oito. Habilitación para o desenvolvemento

Habilítase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste programa, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisos para a xestión destas axudas.



Cuarto. Regulación da participación no programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e de renovación na área de rehabilitación integral (en diante, ARI) dos Camiños de Santiago, na ARI do Parque Nacional das Illas Atlánticas e na ARI da Ribeira Sacra

Un. Ámbito das ARI

1. ARI dos Camiños de Santiago

1.1 As actuacións de rehabilitación ou renovación na ARI dos Camiños de Santiago deberán realizarse en edificios e/ou vivendas que estean situados no ámbito desta ARI, de acordo coa relación de parroquias que figuran no anexo I, que comprende o trazado das nove rutas do Camiño en Galicia, que son as seguintes:

Francés: desde Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela.

Da Prata I e da Prata II: desde A Mezquita ou Verín ata Ourense e desde Ourense ata Santiago de Compostela, respectivamente.

Inglés: desde Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela.

Primitivo: desde A Fonsagrada ata Melide, onde conecta co Camiño Francés.

Norte: desde Ribadeo ata Arzúa, onde conecta co Camiño Francés.

Fisterra-Muxía: desde Santiago de Compostela ata Fisterra con desvío Muxía.

Portugués polo Interior: desde Tui a Santiago de Compostela.

Portugués pola Costa: desde A Guarda ata Redondela onde conecta co Camiño Portugués polo Interior.

Camiño de Inverno: desde Carballeda de Valdeorras ata Lalín onde conecta co Camiño da Prata ou Sanabrés.

1.2. Non obstante o anterior, nas conexións coas cidades e vilas importantes, o ámbito das actuacións límitase exclusivamente ás vivendas e edificios situados no trazado do camiño.

1.3. Non poderán acollerse a este programa as actuacións de rehabilitación ou de renovación realizadas en edificios e vivendas situados en parroquias de concellos que estean integradas nos ámbitos doutras ARI xa declaradas pola Xunta de Galicia, agás que non teñan convenio de financiamento vixente ao abeiro do seu programa de ARI ou do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU.

2. ARI do Parque Nacional das Illas Atlánticas

As actuacións de rehabilitación ou renovación na ARI do Parque Nacional das Illas Atlánticas deberán realizarse en edificios e/ou vivendas situados no ámbito desta ARI,



integrado polos arquipélagos de As Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada e que afecta aos concellos de Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía de Arousa.

3. ARI da Ribeira Sacra

3.1. As actuacións de rehabilitación ou renovación na ARI da Ribeira Sacra deberán realizarse en edificios e/ou vivendas que estean situados no ámbito desta ARI, que comprende os 25 concellos seguintes, pertencentes á provincia de Lugo e de Ourense, de acordo coa relación de parroquias que figuran no anexo II desta resolución:

Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Chantada, Esgos, Manzaneda, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Sil, Paradela, A Peroxa, A Pobra de Trives, A Pobra de Brollón, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadañedo.

3.2. Naqueles concellos que xa teñan unha ARI declarada no seu termo municipal manterase a vixencia dos acordos de financiamento xa asinados con estes concellos.

3.3 Naqueles concellos atravesados polo Camiño de Inverno e polo Camiño Francés, a ARI da Ribeira Sacra prevalecerá sobre o trazado da ARI destes Camiños de Santiago. En consecuencia, as parroquias destes concellos sinaladas no citado anexo II que estean dentro do ámbito destes dous Camiños de Santiago quedan excluídas destes para integrarse na ARI da Ribeira Sacra.

Dous. Actuacións obxecto de cualificación

1. Poderán cualificarse as actuacións de rehabilitación que teñan o seguinte obxecto:

a) Actuacións destinadas a garantir a seguridade:

1º. As actuacións necesarias de reforzo, reparación ou consolidación da estrutura portante do edificio para garantir as condicións de seguridade necesarias e para evitar deformacións na estrutura que produzan danos noutros elementos da edificación.

2º. As actuacións necesarias para eliminar, reparar ou substituír aqueles elementos construtivos que polo seu estado de conservación ou polas súas características podan supor un risco para os usuarios do edificio ou producir danos nos edificios ou espazos contiguos.

3º. As actuacións necesarias para garantir a protección dos edificios fronte ao lume e garantir a seguridade en caso de incendio. Inclúense neste apartado as actuacións dirixidas a evitar a propagación do lume en caso de incendio, instalar ou reparar os sistemas de protección contra incendios, illar a estrutura do edificio para garantir a súa



resistencia en caso de incendio así como as actuacións necesarias para facilitar a evacuación do edificio en caso de incendio.

4º. A execución das obras precisas para garantir a utilización do edificio en condicións de seguridade, eliminando o risco de caídas, de danos por impacto, atrapamento ou aprisionamento.

5º. A protección do edificio fronte a acción do raio.

b) Actuacións destinadas a garantir a protección fronte a auga e a humidade:

1º. As actuacións sobre as fachadas, carpintería exterior e cubertas das edificacións que teñan por obxecto protexer o edificio fronte a auga de chuvia.

2º. As actuacións que teñan por obxecto protexer o edificio fronte a auga proveniente do terreo.

3º. As actuacións que teñan por obxecto evitar a condensación da auga nos paramentos ou elementos construtivos da vivenda mediante a eliminación de pontes térmicas, o establecemento de elementos ou sistemas de ventilación, o incremento do illamento térmico, a colocación de barreiras fronte o vapor de auga, etc.

c) As actuacións destinadas a garantir as condicións de salubridade da vivenda:

1º. O establecemento de sistemas de ventilación, activa ou pasiva, que garantan a calidade do aire exterior.

2º. A execución de medidas para evitar a entrada no edificio do gas radon ou adopción de medidas para garantir a súa eliminación do interior das vivendas.

3º. As actuacións de reparación ou dotación das instalacións axeitadas para a subministración de auga.

4º. As actuacións de reparación ou dotación das instalacións axeitadas para a evacuación de augas residuais.

d) As actuacións destinadas a adecuar, total o parcialmente, á normativa vixente as instalacións dos edificios e vivendas. Estas actuacións inclúen as de reparación, actualización, mellora ou substitución das instalacións indicadas a continuación, co fin de garantir as súas adecuadas prestacións ou adaptalas, total ou parcialmente, á normativa específica de aplicación:

1º. As instalacións de abastecemento de auga.



2º. As instalacións de evacuación de augas residuais.

3º. As instalacións de electricidade.

4º. As instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións.

5º. As instalacións de auga quente sanitaria.

6º. As instalacións térmicas dos edificios.

7º. As instalacións de subministración e almacenamento de combustibles.

e) As actuacións destinadas a mellorar a protección fronte ao ruído (cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do Código Técnico da edificación DB-HR).

Estas actuacións incluírán as intervencións necesarias sobre os elementos construtivos (na envolvente do edificio e nos elementos de separación entre usuarios), encamiñados á mellora do illamento a ruído aéreo e ruído de impacto.

f) As actuacións destinadas a garantir que as edificacións cumpran as condicións de ornato público, adecuación ao entorno e de protección do patrimonio cultural ou paisaxístico:

1º. As obras destinadas á reparación ou adecuación das edificacións para garantir o ornato público esixible.

2º. O remate de fachadas con materiais axeitados ao contorno, cando aquelas teñan á vista elementos concibidos para ser revestidos.

3º. A eliminación e substitución de materiais, elementos ou sistemas construtivos das edificacións que non resulten congruentes co seu contorno.

4º. As obras de reparación, rehabilitación e/ou conservación de fachadas, carpintería exterior ou cuberta das edificacións mediante o emprego de materiais que polas súas características e cores resulten acordes cos das edificacións tradicionais do contorno e coa paisaxe no que estean emprazados.

5º. En xeral, todas aquelas destinadas a garantir a harmonización das edificacións coas edificacións tradicionais ou históricas do seu contorno e co medio natural onde estean emprazadas.

6º. As actuacións que teñan por obxecto adecuar os edificios ás esixencias derivadas da normativa sobre protección do patrimonio cultural ou paisaxístico.

g) Obras para mellorar as condicións de accesibilidade aos edificios e os accesos ás vivendas e locais:



- 1º. A instalación ou substitución de ascensores e salvaescaleiras.
 - 2º. A eliminación das barreiras arquitectónicas que poidan supor un atranco para a súa utilización.
 - 3º. A execución de obras ou instalacións, así como a súa adecuación para a utilización por persoas con limitacións sensoriais ou motrices.
 - 4º. A instalación de mobiliario de cociña adaptado.
 - 5º. A execución de baños e aseos ou a adaptación destes ou dos seus elementos.
 - 6º. A adecuación dos espazos da vivenda co obxecto de permitir ou facilitar a súa correcta utilización.
 - 7º. A adición e acondicionamento á vivenda de espazos que tivesen un uso distinto ao de vivenda cando aquela non reunise os requisitos de accesibilidade precisos.
2. Poderán cualificarse as actuacións de renovación que teñan por obxecto a construción de edificios de vivendas ou vivendas de nova construción, en substitución de edificios ou vivendas previamente demolidos/as.
 3. En cada convocatoria das axudas deste programa se especificarán os tipos de actuacións subvencionables de entre as sinaladas neste ordinal, en función do financiamento dispoñible.

Tres. Requisitos das actuacións

1. Serán subvencionables as actuacións realizadas en vivendas unifamiliares, en edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva, así como nas vivendas situadas nestes edificios que cumpran as seguintes condicións:

- a) Estar rematados antes de 2006. Esta circunstancia acreditarase mediante escritura pública, nota simple rexistral ou consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais. Non se exixirá este requisito no suposto de que na vivenda ou no edificio obxecto da actuación, habiten persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.
- b) Que, polo menos, o 50 % da súa superficie construída sobre rasante teña uso residencial de vivenda.

Para os efectos deste programa, para que un edificio de máis dunha vivenda poida ser considerado edificio de tipoloxía residencial colectiva cada vivenda deba contar coa súa referencia catastral.



2. Así mesmo, será necesario que as actuacións cumpran estes outros requisitos:

a) Deberán dispor do acordo da comunidade ou comunidades de persoas propietarias debidamente agrupadas, de ser o caso.

b) Deberán dispor de licenza municipal ou, se é o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

c) Deberán axustarse ao proxecto de execución das obras, presentado coa solicitude de cualificación provisional ou, no seu caso, á memoria elaborada para a súa execución. A memoria deberá estar asinada por técnico/a competente, sendo este/a o/a profesional con capacidade técnica suficiente para redactar o orzamento, dirixir ou executar a obra.

O proxecto ou a memoria técnica deberá conter todas as especificacións que xustifiquen as actuacións a executar, coa desagregación establecida no modelo de solicitude de cualificación provisional, así como un resume en capítulos dos tipos de obra que se vaian a executar, sinalando o seu importe. Para estes efectos, o custo de todas as actuacións subvencionables poderá incluír tamén os honorarios das persoas profesionais que interveñan, o custo da redacción dos proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto similar, derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. O dito custo subvencionable non poderá superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da base de prezos da construción de Galicia. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas ou outros tributos.

No caso de actuacións de renovación, poderá incluírse o custo das obras de demolición.

d) Deberán realizarse de conformidade aos criterios fixados na Guía de Cor e Materiais elaborada pola Xunta de Galicia.

e) Non poderán estar iniciadas antes do 1 de xaneiro do ano no que se presente a solicitude de cualificación provisional nin poderán estar finalizadas á data da presentación da dita solicitude.

f) Deberán executarse no prazo máximo determinado na resolución de cualificación provisional.

3. Ademais, no caso de actuacións de renovación, os novos edificios e/ou vivendas deberán ter unha cualificación enerxética mínima B.



Catro. Procedemento de cualificación das actuacións

1. Para participar neste programa as persoas ou entidades interesadas deberán solicitarlle á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou o edificio a cualificación provisional das actuacións (código do procedemento VI408O).

2. A cualificación provisional pode solicitarse en calquera momento anterior á finalización das obras.

3. No prazo máximo dun mes, a contar desde a data de remate das obras, a persoa ou entidade promotora deberá solicitarlle á correspondente área provincial do IGVS a cualificación definitiva das actuacións (código do procedemento VI408P). Para estes efectos, é imprescindible que a data de remate estea comprendida no prazo máximo de execución fixada na cualificación provisional.

4. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se as solicitudes de cualificación, provisional ou definitiva, ou a documentación presentada xunto con elas, non reunisen os requisitos esixidos, requirirase a persoa ou entidade solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, si así non o fixer, se terá por desistida da súa petición.

O IGVS poderá realizar, en calquera momento, as comprobacións e as inspeccións técnicas que considere oportunas, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións que servirán de base para o outorgamento da correspondente cualificación, así como a comprobación material da inversión para os efectos previstos no apartados 2 e 3 do artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. A competencia para instruír os procedementos de cualificación provisional e definitiva correspóndelle ás áreas provinciais do IGVS onde se atope a vivenda ou edificio obxecto das actuacións. As resolucións de cualificación provisional e definitiva serán ditadas pola persoa titular da Xefatura Territorial do IGVS.

6. O prazo para ditar e notificar as resolucións sobre cualificación, provisional ou definitiva, será de dous meses, que se contarán desde a data da presentación da solicitude da cualificación provisional ou, no seu caso, definitiva. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada. Contra as resolucións de cualificación provisional ou definitiva poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa notificación.

7. Serán causas de denegación da cualificación provisional, entre outras, as seguintes:

a) Que o edificio ou vivenda obxecto da actuación que se pretende rehabilitar non se



atope nos ámbitos da ARI dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, segundo o establecido no punto 1 do ordinal cuarto desta resolución.

b) Que a actuación prevista non se atope entre as actuacións de rehabilitación ou renovación recollidas neste programa.

c) Que a actuación obxecto de execución xa estivera rematada na data da presentación da solicitude de cualificación provisional.

d) Que a solicitude se presentase fóra de prazo.

e) Que a actuación non se axuste ás determinacións destas bases.

8. Serán causas de denegación da cualificación definitiva, entre outras, as seguintes:

a) Que non se executen as actuacións de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, que se executen parcialmente ou se executen actuacións distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.

b) Que se incumpra o prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.

c) Que a solicitude se presentase fóra de prazo.

d) Que non se executen as actuacións de conformidade coa licenza de obras ou non se cumpran as condicións recollidas nela ou coa comunicación previa, no caso de que a actuación non estivese sometida a licenza.

e) Que se comprobase ou coñecese, en calquera momento, por parte do IGVS que a actuación obxecto de execución xa estivera rematada con anterioridade á data da presentación da solicitude de cualificación provisional.

Cinco. Persoas solicitantes das cualificacións

1. Poderán solicitar a cualificación provisional:

a) As comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.

b) As agrupacións de persoas propietarias.

c) As persoas físicas propietarias e usufrutuarias de edificios ou vivendas.

2. Para solicitar a cualificación definitiva será requisito necesario estar en posesión da cualificación provisional.



3. A obtención da cualificación provisional ou definitiva non xera para a súa persoa ou entidade interesada o dereito á concesión da subvención nin comporta a súa consideración de persoa beneficiaria da axuda.

Seis. Prazo de presentación das solicitudes de cualificación

1. O prazo de presentación de solicitudes de cualificación provisional e de cualificación definitiva das actuacións abrirase o día hábil seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e finalizará o 28 de novembro de 2025.

2. Sen prexuízo do anterior, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, poderase pechar o prazo para a presentación das solicitudes de cualificación provisional e cualificación definitiva, en atención ao financiamento dispoñible. A resolución de peche do prazo de presentación de solicitudes publicárase no DOG e na páxina web do IGVS.

Sete. Forma de presentación das solicitudes de cualificación

As solicitudes para as cualificacións provisional e definitiva realizaranse, de conformidade co disposto no punto 2 do ordinal terceiro, mediante a presentación dos modelos que se incorporan, respectivamente, como anexo III (código de procedemento VI408O) e anexo IV (código do procedemento VI408P) desta resolución. Deberán dirixirse á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou edificio.

Oito. Documentación complementaria para a solicitude de cualificación provisional

1. Coa solicitude de cualificación provisional deberá achegarse a seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa ou entidade solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos>.

b) Documentación acreditativa da titularidade do inmovible.

c) Escritura pública, nota simple rexistral ou consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais, no que se acredite que, polo menos, o 50% da superficie construída sobre rasante ten uso residencial de vivenda.

d) Acta de constitución da comunidade de persoas propietarias ou documento de constitución como agrupación de comunidades de persoas propietarias.



e) Anexo V, de certificado da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, no que se recolla, tanto o acordo de participar neste programa, como o nomeamento da persoa que represente na tramitación do expediente á comunidade ou á agrupación de comunidades de persoas propietarias ou á agrupación de persoas propietarias.

f) Proxecto de execución das obras ou, se non fose preciso para a súa autorización, memoria descritiva das actuacións a realizar, que deberán identificar o edificio ou a vivenda, incluír fotografías onde se amosen os elementos que se rehabilitarán, así como o orzamento desagregado e detallado do investimento.

g) Certificado do inicio das obras, emitido pola persoa técnica responsable da obra, no caso de obras iniciadas con anterioridade á data da solicitude da cualificación provisional.

h) Licenza municipal de obras, no caso de que sexa necesaria pola actuación a realizar. No suposto de non contar aínda coa licenza, achegarse a correspondente solicitude de licenza.

i) Comunicación previa ao concello, cando a actuación non estea sometida a licenza. No caso de ter transcorridos máis de quince días hábiles, contados desde a data da presentación da comunicación previa ao concello, esta deberá vir acompañada dunha declaración responsable de non ter sido requirido para a súa emenda.

j) Plano de situación da vivenda ou edificio no que se vaian a realizar as actuacións.

k) No caso de edificios ou vivendas declarados ben de interese cultural (en diante, BIC), catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente, a ficha do catálogo de patrimonio cultural da normativa urbanística vixente no termo municipal onde se sitúe o ben inmovible.

l) Anexo VI, de relación das persoas propietarias das vivendas e locais do edificio/vivenda partícipes nas actuacións de rehabilitación ou renovación, con indicación da súa cota de participación no caso de solicitudes de edificios de tipoloxía residencial colectiva e tamén no caso de vivendas das que sexan propietarias varias persoas, agás que, sendo varias persoas copropietarias, so a solicitante sexa a promotora da actuación.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás



que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

Nove. Documentación complementaria para a solicitude de cualificación definitiva

Coa solicitude de cualificación definitiva deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Reportaxe fotográfica que amose as obras realizadas.
- b) Memoria na que se describa as actuacións realizadas.
- c) Anexo VII, de facturas das persoas proveedoras que participaron na execución das actuacións, que deberán reflectir de xeito desagregado o seu importe e a súa descrición.
- d) Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas. Non se admitirán pagos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica da dita entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o recibo de pagamento da persoa provedora para gastos de importes inferiores a 1.000 euros.
- e) Licenzas e/ou autorizacións preceptivas, no caso de non telas achegado con anterioridade.
- f) No seu caso, certificado do inicio das obras, emitido pola persoa técnica responsable da obra, no caso de non ter iniciadas as obras con anterioridade á data da solicitude da cualificación provisional.
- g) No seu caso, certificado do remate das obras.
- h) Copia de, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, no suposto de que o importe do custo a executar supere a contía de 40.000 euros. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- i) De ser o caso, en función da actuación subvencionable, acta de medición que acredite a mellora das condicións de protección fronte ao ruído, se non se xustifica previamente



mediante as opcións recollidas no documento básico de protección fronte ao ruído do Código Técnico da Edificación.

j) De ser o caso, en función da actuación subvencionable, acta de medición da situación, unha vez finalizadas as obras, que acredite o cumprimento da redución de forma efectiva da concentración da media anual do radón no interior da vivenda, de non utilizar as solucións que recolla o documento básico de salubridade-protección fronte ao radón do Código Técnico da Edificación.

Dez. Comprobación de datos

1. Para a tramitación da cualificación provisional (procedemento VI4080) consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (NIE) da persoa solicitante.

b) Número de identificación fiscal (NIF) no suposto de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

c) DNI ou NIE da persoa física representante.

d) NIF da entidade representante.

e) Certificación catastral de titularidade correspondente á persoa solicitante ou, de ser o caso, ás persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

f) Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda ou vivendas na que se van a levar a cabo as actuacións, que acredite o seu uso para as actuacións promovidas pola persoa solicitante.

2. No caso de que as persoas ou entidades interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo III e achegar os documentos oportunos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa ou entidade interesada para realizar a consulta.





3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Quinto. Bases reguladoras das axudas ás actuacións de rehabilitación e renovación nas ARI dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra

Un. Obxecto e réxime das axudas

1. A concesión das axudas ás actuacións de rehabilitación ou renovación nas ARI dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra rexeranse polo establecido nestas bases reguladoras (código procedemento VI408Q).

2. De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, estas subvencións concederanse polo procedemento de concorrencia non competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible previsto na resolución de convocatoria pública.

Dous. Persoas e entidades beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas subvencións:

a) As comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.

b) As agrupacións de persoas propietarias.

c) As persoas físicas propietarias o usufrutuarias de edificios ou vivendas.

2. Para que as persoas físicas sexan beneficiarias deberán posuír a nacionalidade española ou, no suposto das persoas estranxeiras, ter a residencia legal en España.

3. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalguna das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. No caso de que a solicitante sexa unha comunidade ou agrupación de comunidades de propietarios/as ou agrupación de persoas propietarias, os requisitos sinalados nos números anteriores deberán cumprirse por todos os seus membros.

5. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes



actuacións. Cando se trate de comunidades ou agrupación de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o importe dela, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias e, no seu caso, nos locais comerciais ou predios de outros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se atribuirá á dita propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre as restantes persoas membros da comunidade ou agrupación.

6. As agrupacións de persoas propietarias non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de catro anos, contados desde que venceu o prazo para presentar a xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.

7. Será requisito necesario para poder solicitar a axuda estar en posesión da cualificación definitiva.

Tres. Determinación da contía da subvención

1. A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo total da intervención reflectido na cualificación definitiva, que incluírá, de ser o caso, os custos desagregados da actuación de rehabilitación ou renovación.

2. O gasto subvencionable fixado na cualificación definitiva determinarase logo da comprobación da execución de todas as actuacións e da emisión do informe favorable dos servizos técnicos das áreas provinciais do IGVS, en atención ás facturas e aos documentos bancarios de pagamento que se presenten como xustificación destas.

3. A contía máxima das axudas non poderá exceder, de forma individualizada, do 50% do custo subvencionable da actuación.

No caso de actuacións en vivendas unifamiliares ou actuacións no interior de vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva, esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 %, cando resulten acreditados ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou usufrutuaria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes sexan inferiores a tres veces o IPREM.

Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.



4. A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da actuación e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a seguir:

a) Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva.

No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, incrementaranse estas contías con 80 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas BIC, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

b) Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida.

Catro. Solicitudes de subvencións

1. As solicitudes realizaranse, de conformidade co disposto no punto 2 do ordinal terceiro, mediante a presentación do formulario que se incorpora, respectivamente, como anexo VIII (código de procedemento VI408Q) desta resolución, debidamente cuberto. Deberán dirixirse á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou edificio.

2. No formulario de solicitude a persoa ou entidade solicitante deberá realizar as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para a mesma finalidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nas causas de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Declaración responsable de que se está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



e) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.

Cinco. Documentación complementaria

1. As persoas ou entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa ou entidade solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/modelos-xenericos>.

b) Anexo IX, de ser o caso, de certificado da persoa que exerza as funcións de secretaria da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou de quen representa á agrupación de persoas propietarias, no que se recolla tanto o acordo de solicitar a subvención do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación ou renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, como o nomeamento da persoa que represente na tramitación do expediente á comunidade de persoas propietarias, á agrupación de comunidades de persoas propietarias ou á agrupación de persoas propietarias.

c) Anexo X, de ser o caso, debidamente cuberto, no que se relacionen as persoas propietarias das vivendas e locais do edificio, partícipes nas actuacións de rehabilitación ou renovación e interesadas na subvención. Neste anexo cubriranse, de ser o caso, as declaracións de non estar incurso en ningunha das circunstancias do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Anexo XI, de declaración responsable e comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia da persoa solicitante, no caso de actuacións en vivendas unifamiliares ou actuacións no interior de vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.

e) Certificado acreditativo da discapacidade da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia nas que conorra a dita circunstancia, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.

f) No caso de edificios ou vivendas declarados BIC, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente, documentación xustificativa destas circunstancias, se non constaba na documentación anterior.





2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, deberase indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

Seis. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa ou entidade interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante e das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, de ser o caso, así como das persoas propietarias dunha vivenda ou local do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación ou renovación e interesadas na subvención, de ser o caso.

b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI ou NIE da persoa física representante.

d) NIF da entidade representante.

e) Certificados acreditativos do cumprimento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), de obrigas coa Seguridade Social e/ou coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, da persoa solicitante e das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, así como da entidade solicitante e, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

f) Certificación catastral de titularidade correspondentes á persoa ou entidade solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

g) Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda ou vivendas na que se van a levar a cabo as actuacións, que acredite o seu uso pola persoa ou entidade solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou



agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

h) Consulta de bens inmobles correspondentes á persoa ou entidade solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de persoas propietarias.

2. No caso de actuacións realizadas en vivendas unifamiliares ou de actuacións en interior de vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva, consultaránse, ademais, os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, de ser o caso:

- a) Permiso de residencia legal da persoa solicitante, cando sexa estranxeira.
- b) Certificado da renda sobre as persoas físicas (IRPF) e nivel de renda da persoa solicitante, así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.
- c) Certificado das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), da persoa solicitante, así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.
- d) Certificado das percepcións da Renda de Integración Social de Galicia da persoa solicitante, así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.
- e) Importes das prestacións de desemprego percibidos pola persoa solicitante, así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.
- f) Certificado acreditativo da discapacidade, para o suposto de que o documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia nas que concurra a dita circunstancia e fagan constar na solicitude que lle é de aplicación. No suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia, deberá achegarse a correspondente documentación.
- g) Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal da persoa propietaria ou usufrutuaria promotora da actuación, para os efectos do cálculo da porcentaxe máxima do 75% do custo subvencionable da actuación, así como das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado nos anexos VIII, X e XI e achegar os documentos correspondentes.

4. Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.



5. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselle solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sete. Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento

1. A instrución do procedemento e a formulación da proposta de concesión da subvención correspóndelle ás áreas provinciais do IGVS onde se atope o edificio ou a vivenda obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación.
2. A resolución de concesión será ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Oito. Procedemento de concesión das subvencións

1. O procedemento iniciase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a publicación da resolución de convocatoria no DOG.
2. O prazo de presentación de solicitudes será o establecido na correspondente convocatoria.
3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se as solicitudes non reúnen algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase á persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, teráselle por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
4. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a persoa ou entidade solicitante poderá ser requirida para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.
5. O órgano instrutor, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos, elevará a proposta de resolución de concesión de cada expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS. Esta proposta conterá a identificación da persoa ou entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento da actuación, o gasto subvencionable e a subvención máxima que lle corresponde.
6. A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, á vista da proposta efectuada e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, resolverá o que en dereito proceda.

Nove. Resolución e recursos



1. A resolución estimará, desestimaré ou declarará a inadmisión da axuda solicitada.
2. A resolución estimatoria acordará o outorgamento da subvención, con identificación da persoa/s beneficiaria/s, tipo de actuación, data da cualificación definitiva, número de vivendas e locais, gasto subvencionable e importe da subvención concedida.
3. O prazo para resolver e notificar a concesión será dun mes, contado desde a data de presentación da solicitude. Finalizado o prazo máximo establecido sen que se dite e notifique a resolución, as persoas ou entidades solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
4. A resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS é susceptible de recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Dez. Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Once. Causas de denegación

1. Será causa de denegación da subvención o incumprimento dalgún dos requisitos esixidos nestas bases ou no resto da normativa que resulte de aplicación.
2. Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispuxeran de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución. Para estes efectos, o criterio que se utilizará para a súa tramitación será o da orde cronolóxica de entrada da solicitude completa en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos esixidos na resolución de convocatoria.

Doce. Xustificación e pagamento da subvención

1. A resolución da cualificación definitiva das actuacións terá a consideración de memoria de actuación e memoria económica, para os efectos do previsto no artigo 48 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como de comprobación material do investimento para os efectos previstos no artigo 30, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, do 13



de xuño.

2. O pagamento realizarase por transferencia bancaria na conta sinalada para estes efectos pola persoa ou entidade beneficiaria.

Trece. Obrigas das persoas e das entidades beneficiarias

Ademais das recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, serán obrigas das persoas e das entidades beneficiarias:

- a) Facilitarlles aos órganos competentes toda a información necesaria para asegurar o cumprimento da finalidade da axuda concedida, particularmente, a que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- b) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- c) Destinar a axuda á finalidade para a cal se concede.

Catorce. Perda e reintegro da subvención

1. Poderán ser causa de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:

- a) O incumprimento das obrigas recollidas no ordinal anterior.
- b) A falta de comunicación ao órgano instructor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

2. O incumprimento ou a falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida, incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis o 25%, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 xuño, agás que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

3. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, no seu caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 xuño.



Quince. Compatibilidades e incompatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

Dezaseis. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Dezasete. Base de Datos Nacional de Subvencións

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao DOG do extracto da convocatoria para a súa publicación de acordo co establecido no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas.

Dezaioito. Datos de carácter persoal

De acordo co establecido no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Sexto. Convocatoria das axudas ás actuacións de rehabilitación e de renovación nas áreas de



rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra.

Un. Prazo de presentación de solicitudes

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a contar dende o primeiro día hábil seguinte ao da publicación da resolución no DOG e rematará no momento do esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria.
2. Este prazo poderá ser ampliado mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, que deberá ser publicada no DOG.

Dous. Crédito orzamentario

1. As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 08.81.451A.780.3, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, por un importe total de 6.617.000 euros, coa seguinte distribución por ARI:

ARI Camiños de Santiago	5.472.000 €
ARI P. Nacional das Illas Atlánticas	12.000 €
ARI Ribeira Sacra	1.133.000 €
TOTAL	6.617.000 €

3. No suposto de existir remanente nalgunha das ARI, poderase utilizar para financiar solicitudes das outras ARI, de acordo co previsto no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación por resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, que terá efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Tres. Datos fiscais e valor do IPREM para a concesión das axudas

Os datos fiscais que se terán en conta nesta convocatoria para a concesión das axudas corresponderán ao exercicio económico 2022. Para a valoración das solicitudes utilizarase o



valor do IPREM de 2023.

Catro. Actuacións subvencionables

Serán subvencionables con cargo a esta convocatoria as actuacións previstas no punto 2 do ordinal cuarto desta resolución.

IV. Réxime transitorio do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021

Sétimo. Regulación do réxime transitorio das solicitudes de cualificación no ámbito das áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra presentadas no marco do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021, así como das actuacións cualificadas definitivamente ao abeiro do dito programa e das axudas denegadas por esgotamento de crédito na convocatoria para o ano 2022.

Un. Solicitudes de cualificación

As solicitudes de cualificacións provisionais e definitivas (códigos de procedemento VI408F, VI408G, VI408L e VI408M) presentadas antes da data de produción de efectos desta resolución tramitaranse conforme á regulación da participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021.

Dous. Solicitudes de axudas trala cualificación definitiva

As solicitudes de axudas que se presenten en virtude da cualificación definitiva obtida ao abeiro do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan de vivenda 2018-2021 tramitaranse conforme ao establecido nas convocatorias do novo Programa.

V. Eficacia

Oitavo. Produción de efectos

Esta resolución producirá efectos a partir do día hábil seguinte ao da súa publicación no DOG.



Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2023

A presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

Ángeles Vázquez Mejuto



Anexo I

RELACIÓN DE PARROQUIAS DA ARI DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Inglés	A Coruña	A Coruña	A Coruña	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	A Coruña	Elviña (San Vicente)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	A Coruña	Oza (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Cos (San Xulián)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Cullergondo (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Folgozo (Santa Dorotea)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Leiro (Santa Baia)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Limiñón (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Meangos (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Montouto (Santa Cristina)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Presedo (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Sarandós (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Vilacoba (Santo Tomé)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Viós (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Abegondo	Vizoño (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Ames	Agrón (San Lourenzo)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Ames	Ames (San Tomé)	Trazado do Camiño
Camiño Portugués	A Coruña	Ames	Biduído (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Ames	Covas (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Ames	Lens (San Paio)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Ames	Transmonte (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Arzúa	A Mella (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Arzúa	Arzúa (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Francés	A Coruña	Arzúa	Boente (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Arzúa	Burres (San Vicente)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Arzúa	Castañeda (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Arzúa	Figueroa (San Paio)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Arzúa	Lema (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Arzúa	Rendal (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Arzúa	Dodro (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Arzúa	Arzúa (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Arzúa	Oíns (San Cosme)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Arzúa	San Martiño de Calvos de Sobrecamiño	Toda a parroquia



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Norte	A Coruña	Arzúa	Viladavil (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Arzúa	Santo Estevo de Campos	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Arzúa	Arzúa (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Betanzos	Betanzos	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Betanzos	Requián (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Betanzos	Tiobre (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Boimorto	Andavao (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Boimorto	Boimil (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Boimorto	Boimorto (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Boimorto	Brates (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Boimorto	Cardeiro (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Boimorto	Mercurín (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Boimorto	Os Ánxeles (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Boimorto	Sendelle (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	A Coruña	Boqueixón	Lestedo (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	A Coruña	Boqueixón	Sergude (San Breixo)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Cabanas	Cabanas (San Andrés)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Cabanas	Iris (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Cabanas	Laraxe (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Cabanas	Porto (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Cambre	Anceís (San Xoán)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Cambre	Sigrás (Santiago)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Cambre	O Temple	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Carral	Beira (Santa Martiña)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Carral	Cañas (Santa Baia)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Carral	Sergude (San Xián)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Carral	Tabeiao (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Cee	A Ameixenda (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Cee	A Pereiriña (San Xián)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Cee	A Toba (Santo Adrán)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Cee	Brens (Santa Baia)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Cee	Cee (Santa María da Xunqueira)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Cee	Lires (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Corcubión	Corcubión (San Marcos)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Corcubión	Redonda (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Culleredo	Almeiras (San Xián)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Culleredo	Culleredo (Santo Estevo)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Culleredo	O Burgo (Santiago)	Trazado do Camiño



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Inglés	A Coruña	Culleredo	Rutis (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Portugués	A Coruña	Dodro	Dodro (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Dumbría	Buxantes (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Dumbría	Dumbría (Santa Eulalia)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Dumbría	Ézaro (Santa Uxía)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Dumbría	Olveira (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Dumbría	Olveiroa (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Dumbría	Salgueiros (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Fene	Barallobre (Santiago)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Fene	Fene (San Salvador)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Fene	Magalofes (San Xurxo)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Fene	Perlío (Santo Estevo)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Ferrol	Ferrol	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Fisterra	Duio (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Fisterra	Duio (San Vincenzo)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Fisterra	Fisterra (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Fisterra	Sardiñeiro (San Juan)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Mazaricos	Os Vaos (San Tomé)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Mazaricos	Corzón (San Cristobo)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Mazaricos	Maroñas (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Mazaricos	Mazaricos (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	A Coruña	Melide	Abeancos (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Melide	O Barreiro (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Melide	Campos (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Melide	Furelos (San Juan)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Melide	O Meire (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Melide	Melide (San Pedro)	Trazado do Camiño
Camiño Francés	A Coruña	Melide	Melide (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	Melide	O Leboreiro (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	A Coruña	Melide	Os Ánxeles (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	A Coruña	Melide	Melide (San Pedro)	Trazado do Camiño
Camiño Francés	A Coruña	Melide	Vitiriz (San Vicente)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Mesía	Bruma (San Lourenzo)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Miño	Castro (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Miño	Leiro (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Miño	Miño (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Miño	Vilanova (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Bardullas (San Juan)	Toda a parroquia





Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Buitrón (San Tirso)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Caberta (San Félix)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Frixe (Santa Leocadia)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Moraime (San Xulián)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Morquitián (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Muxía (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Nemiña (San Cristovo)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Touriñán (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Ozón (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Vilastose (San Cibrán)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Muxía	Couciero (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Narón	Xuvia (Nsa. Señora dos Desamparados)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Narón	Xuvia (San Martiño)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Narón	Xuvia (Santa Rita)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Narón	Xuvia (Santiago)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Neda	Neda (San Nicolás)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Neda	Neda (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	A Pena (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Aro (San Vicente)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Broño (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Bugallido (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Gonte (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Landeira (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Logrosa (Santo Eleuterio)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Negreira	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Portor (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Negreira	Zas (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	O Pino	Arca (Santa Baia)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	O Pino	Castrofeito (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	O Pino	Cerceda (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	O Pino	Ferreiros (San Breixo)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	O Pino	Ferreiros (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	O Pino	Gonzar (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	O Pino	Medín (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	O Pino	Pereira (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Francés	A Coruña	O Pino	Pino (San Vicente)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Ordes	Ardemil (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Ordes	Buscas (San Paio)	Toda a parroquia



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Inglés	A Coruña	Ordes	Leira (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Ordes	Montaos (Santa Cruz)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Ordes	Pereira (Santa Baia)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Ordes	Poulo (San Xulián)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Oroso	Deixebre (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Oroso	Gandara (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Oroso	Oroso (San Martiño)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Paderne	Souto (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Paderne	Viñas (San Pantaleón)	Toda a parroquia
Camiño Portugués	A Coruña	Padrón	Cruces (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Portugués	A Coruña	Padrón	Iria Flavia (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Portugués	A Coruña	Padrón	Padrón (Santiago)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Pontedeume	Andrade (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Pontedeume	Breamo (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Pontedeume	Pontedeume (Santiago)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Pontedeume	Vilar (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Portugués	A Coruña	Rois	Ribasara (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Santa Comba	Fontecada (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Inglés	A Coruña	Santiago de Compostela	A Barciela (Santo André)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Santiago de Compostela	A Enfesta (San Cristovo)	Trazado do Camiño
Camiño Francés	A Coruña	Santiago de Compostela	Aríns (San Martiño)	Trazado do Camiño
Camiño Francés	A Coruña	Santiago de Compostela	Bando (Santa Baia)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Santiago de Compostela	Conxo (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Portugués	A Coruña	Santiago de Compostela	Conxo (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Santiago de Compostela	Figueiras (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Santiago de Compostela	Laraño (San Martiño)	Trazado do Camiño
Camiño Portugués	A Coruña	Santiago de Compostela	Laraño (San Martiño)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Santiago de Compostela	Marantes (San Vicente)	Trazado do Camiño
Camiño Francés	A Coruña	Santiago de Compostela	Sabugueira (San Paio)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Santiago de Compostela	San Paio (Santiago)	Trazado do Camiño
Camiño Inglés	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Trazado do Camiño



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Inglés	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago (San Caetano)	Trazado do Camiño
Camiño Francés	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago (San Lázaro)	Trazado do Camiño
Camiño da Prata II	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Trazado do Camiño
Camiño Francés	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Trazado do Camiño
Camiño Portugués	A Coruña	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Santiago de Compostela	Vidán (Divino Salvador)	Trazado do Camiño
Camiño Portugués	A Coruña	Santiago de Compostela	Vidán (Divino Salvador)	Trazado do Camiño
Camiño Fisterra e Muxía	A Coruña	Santiago de Compostela	Villestro (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño da Prata II	A Coruña	Santiago de Compostela	O Eixo (San Cristovo)	Trazado do Camiño
Camiño da Prata II	A Coruña	Santiago de Compostela	Marrozos (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	A Ciadella (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	A Porta (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	Carelle (San Lourenzo)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	Codeoso (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	Cumbras (San Xiao)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	Folgozo (Santa Cristina)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	Grixalba (San Xiao)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	Nogueira (San Xurxo)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Sobrado	Roade (Santo André)	Toda a parroquia
Camiño Portugués	A Coruña	Teo	Calo (San Xoán)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	A Coruña	Toques	Mangoeiro (San Tomé)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	A Coruña	Toques	Oleiros (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	A Coruña	Toques	Vilamor (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	A Coruña	Toques	Vilouriz (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Toques	Santa Mariña de Brañas	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	A Coruña	Vedra	A Ponte Ulla (Santa María Madalena)	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	A Coruña	Vedra	Ribadulla (Santa Cruz)	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	A Coruña	Vedra	Sales (San Fiz)	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	A Coruña	Vedra	Sales (San Xián)	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	A Coruña	Vedra	Vilanova (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	A Coruña	Vilasantar	Présaras (San Pedro)	Toda a parroquia



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Norte	A Coruña	Vilasantar	Vilariño (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	A Bastida (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	A Fonsagrada (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	A Pobra de Burón (Santa M ^a Madanela)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	Bruicedo (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	Cuíñas (San Cristovo)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	Fonfría (Santa María Madanela)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	Monteseiro (San Bartolo)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	O Padrón (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	Pacios (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	Paradavella (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	San Martín de Suarna (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	A Fonsagrada	Vieiro (Santo Antonio)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Abadín	Abadín (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Abadín	Candia (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Abadín	Castromaior (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Abadín	Fanoi (Santa María Madanela)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Abadín	Fraiás (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Abadín	Galgao (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Abadín	Quende (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Abadín	Romariz (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	As Nogais	Nullán (San Cosme)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Baleira	A Degolada (San Lourenzo)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Baleira	A Esperela (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Baleira	A Fontaneira (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Baleira	A Lastra (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Barreiros	Cabarcos (San Xulián)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Barreiros	San Xusto de Cabarcos (San Xusto)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Barreiros	Vilamartín Pequeno (San Xoán Degolado)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Begonte	Baamonde (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Begonte	Bóveda (Santalla)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Begonte	San Martiño de Pacios	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	A Frairía (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Moreira (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Paderne (Santo Estevo)	Toda a parroquia



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Recesende (San Cibrao)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	San Miguel do Camiño (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Souto de Torres (San Tomé)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Soutomerille (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Vilabade (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Vilalle (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Vilariño (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Castroverde	Bolaño (Santa Baia)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Friol	Anafreita (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Friol	Anxeriz (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Friol	Carballo (San Xiao)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Friol	Miraz (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Friol	Nodar (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Friol	Pacio (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Friol	Seixón (San Paio)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Friol	Silvela (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Guitiriz	As Negradas (San Vicente)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Guitiriz	Maríz (Santa Baia)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Guitiriz	Parga (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Guitiriz	Pígara (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Guitiriz	Roca (San Xiao)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Guitiriz	San Breixo de Parga (San Breixo)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Guitiriz	Santa Locaia de Parga	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Guitiriz	Vilar (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Guntín	San Romao da Retorta	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Guntín	Santa Cruz da Retorta	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Lourenzá	Lourenzá (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Norte	Lugo	Lourenzá	San Tomé de Lourenzá	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Lourenzá	San Xurxo de Lourenzá	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Lourenzá	Santo Adrao de Lourenzá	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Alto (San Xoán)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Bacurín (San Miguel)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Bascuas (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Burgo (San Vicente)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Carballido (San Martiño)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Gondar (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Mera (San Pedro)	Trazado do Camiño



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	O Veral (San Vicente)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Pedreda (San Vicente)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Poutomillos (San Martiño)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Prógalo (Santiago)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Romeán (San Pedro)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Orbazai (San Miguel)	Trazado do Camiño
Camiño Primitivo	Lugo	Lugo	Lugo	Trazado do camiño
Camiño Norte	Lugo	Mondoñedo	Lindin (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Mondoñedo	O Carme (Nosa Señora do Carme)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Mondoñedo	Os Remedios (Nosa Señora dos Remedios)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Mondoñedo	San Vicente de Trigás	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Mondoñedo	Santiago de Mondoñedo (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Mondoñedo	Sasdónigas (San Lourenzo)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Mondoñedo	Vilamor (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Mondoñedo	Mondoñedo (Nosa Señora do Carme)	Trazado do Camiño
Camiño Francés	Lugo	Monterroso	Ligonde (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Monterroso	Salgueiros (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Palas de Rei	Augas Santas (San Xurxo)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Palas de Rei	San Martiño de Ferreira de Negral	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	Fontecuberta (Santa Mariña)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	Lestedo (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	Meixide (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Primitivo	Lugo	Palas de Rei	Merlán (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	O Carballal (San Sebastián)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	O Mato (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	Orosa (Santo André)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	Palas de Rei (San Tirso)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	San Xiao do Camiño (San Xiao)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Palas de Rei	Vilar de Donas (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Paradela	A Laxe (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Paradela	As Cortes (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Paradela	Ferreiros (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Paradela	Francos (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Paradela	Loio (San Xoán)	Toda a parroquia



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Francés	Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Fonfría (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Hospital (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Liñares (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Louzarela (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Pedrafita do Cebreiro	O Cebreiro (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Padornelo (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Veiga de Forcas (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	Caborrecelle (San Xulián)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	Castromaior (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	Cortapezas (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	Gonzar (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	Narón (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	Nespereira (San Cibrao)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	Portomarín (San Nicolao)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	San Mamede de Belaz (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	San Mamede do Río (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Portomarín	Vedro (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Ribadeo	Arante (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Ribadeo	Cedofeita (Santa María Madanela)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Ribadeo	Covelas (San Vicente)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Ribadeo	Ove (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Ribadeo	Ribadeo (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño Norte	Lugo	Ribadeo	Vilaselán	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Castroncán (Santa Marta)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Estraxiz (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Formigueiros (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Frollais (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Loureiro (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Lousada (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Montán (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Pascais (Santalla)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Reiriz (Santo Estevo)	Toda a parroquia



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Francés	Lugo	Samos	Renche (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Romelle (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Samos (Santa Xertrude)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	San Cristovo do Real (San Cristovo)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	San Mamede de Couto (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	San Martiño do Real (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	San Xil de Carballo (San Xil)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Teibilide (San Xulián)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Samos	Zoó (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Barbadelo (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Belante (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Biville (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Calvor (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Castelo dos Infantes (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Farbán (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Fontao (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Lier (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Louseiro (San Martiño)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Maside (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Meixente (San Xulián)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	O Camiño (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Ortoá (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	A Pinza (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Sarria	Trazado do Camiño
Camiño Francés	Lugo	Sarria	Vilar de Sarria (San Salvador)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Trabada	A Ría de Abres (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Trabada	Sante (San Xiao)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Trabada	Trabada (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Trabada	Valboa (Santa María Madanela)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Triacastela	A Balsa (San Breixo)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Triacastela	Lamas do Biduedo (Santo Isidro)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Triacastela	Triacastela (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Francés	Lugo	Triacastela	Vilavella (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	A Torre (Santa María)	Toda a parroquia



Traxecto	Provincia	Concello	Parroquia afectada	Ámbito específico
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Alba (San Xoán)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Boizán (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Carballido (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Corvelle (San Bartolomeu)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Goiriz (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Insua (San Bartolomeu)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Mourence (San Xiao)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Sancovade (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño Norte	Lugo	Vilalba	Vilalba (Santa María)	Trazado do Camiño
Camiño da Prata I	Ourense	A Gudiña	A Gudiña (San Martiño e San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	A Gudiña	Carracedo da Serra (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	A Gudiña	O Canizo (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	A Gudiña	Parada da Serra (San Lucas)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	A Gudiña	Pentes (San Mamede)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	A Gudiña	San Lourenzo de Pentes (San Lourenzo)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	A Mezquita	A Vilavella (Santa María da Cabeza)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	A Mezquita	O Pereiro (San Pedro)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	A Mezquita	A Canda	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	Allariz	Allariz (Santiago)	Trazado do Camiño
Camiño da Prata I	Ourense	Allariz	Allariz (Santo Estevo)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	Allariz	Augas Santas (Santa Mariña)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	Allariz	Coedo (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	Allariz	Folgozo (Santiago)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	Allariz	Meire (Santa María)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	Allariz	Os Espiñeiros (San Breixo)	Toda a parroquia
Camiño da Prata I	Ourense	Allariz	Torneiros (San Miguel)	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	Ourense	Amoeiro	Bóveda (San Paio)	Toda a parroquia
Camiño da Prata II	Ourense	Amoeiro	Rouzós (San Cibrao)	Toda a parroquia
